

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 30 DE XUÑO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos da Rede autonómica de estradas de Galicia a prol do Concello de Malpica de Bergantiños.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio para o Servizo Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras, o 23 de novembro de 2015, de disolución do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras e a integración deste no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín, o 23 de novembro de 2015, de disolución do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín e integración deste no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia, o 23 de novembro de 2015, de disolución do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia e integración deste no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio contra Incendios e Salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro, o 3 de decembro de 2015, de disolución do Consorcio contra Incendios e Salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro e integración deste no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos vinte e cinco mil euros (2.325.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Begonte para a execución da obra de renovación da rede de abastecemento en Baamonde. Begonte (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, clave OH.227.659, por importe de trescentos vinte e tres mil trescentos trinta e cinco euros con oitenta e nove céntimos (323.335,89€).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cabanas para a execución da obra de saneamento e depuración de augas residuais en Lavandeira. Concello de Cabanas (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, clave OH.315.941, por importe de douscentos trinta e seis mil trescentos oitenta e oito euros con sesenta e un céntimos (236.388,61€).

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os concellos de Amoeiro, Barbadás, Coles, O Pereiro de Aguiar, Ourense, Punxín, Toén e San Cibrao das Viñas para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Ourense por un importe total dun millón catrocentos corenta e tres mil cincocentos cinco euros (1.443.505,00€).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) durante o ano 2016 para a execución de traballos preventivos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña, o servizo de reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais en época de perigo alto de incendios forestais, e para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística de incendios forestais, por importe de catro millóns setecentos cincuenta e nove mil novecentos seis euros con corenta e dous céntimos (4.759.906,42 €).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a previsión de recursos da Unidade de Policía Adscrita (UPA) no Pladiga 2016.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución das axudas do Igape para o desenvolvemento de accións de promoción exterior das empresas galegas "Galicia exporta organismos intermedios" e "Galicia exporta empresas".

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de ampliación do Hospital Montecelo, que pasará a denominarse Gran Montecelo.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe polo que se dá conta da programación da campaña de verán 2016.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS A PROL DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

- *Trátase de distintos tramos das estradas Carballo- Malpica de Bergantiños (AC-414); AC-422, en Buño; e elementos auxiliares da AC-418*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *Corresponderanlle ao Concello de Malpica de Bergantiños, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*

O Consello da Xunta aproba o cambio de titularidade de varios treitos da Rede autonómica de estradas de Galicia a prol do Concello de Malpica de Bergantiños.

Ao abeiro das previsións legais, a Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas emite informe favorable sobre o cambio de titularidade:


- De tres treitos da estrada AC-414, situados entre:
  - P.q. 7 + 180 e 9 + 190, cunha lonxitude de 2,01 km.
  - P.q. 11 + 220 e 12 + 390, cunha lonxitude de 1,17 km.
  - P.q. 13 + 490 e 14 + 730, cunha lonxitude de 1,24 km.
- Do treito da estrada AC-422 situado entre os p.q. 0 + 000 e 0 + 840, cunha lonxitude de 0,84 km.
- Dun resto antigo, situado entre o p.q. 1 + 610 da AC-422 e o 1 + 930 da AC-419, cunha lonxitude de 0,50 km.
- Dos elementos auxiliares da estrada AC-418 (zona delimitada entre a liña exterior de delimitación da calzada e o límite do dominio público), situados entre os p.q. 15 + 120 e 16 + 350.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente.

Este cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Malpica de Bergantiños, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular das estradas.





## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE PORÁ EN MARCHA A HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA PARA OS PROFESIONAIS DOS SERVIZOS SOCIAIS**

- *A HSU proporcionará aos profesionais da área social de ámbito municipal e autonómico un acceso único e seguro á historia social do usuario*
- *Este sistema reduce os tempos de tramitación e facilita unha atención máis personalizada e proactiva*
- *Ademais, permite unha identificación única da persoa ao empregar o identificador da tarxeta sanitaria e supón un avance cara á futura historia-sociosanitaria*
- *O novo sistema comezará a implantarse de xeito progresivo despois do verán e arrincará con máis de 365.000 historias sociais dixitais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regulará a creación, uso e acceso á historia social única electrónica. Un instrumento que lles permitirá aos profesionais do Sistema galego de servizos sociais, tanto do ámbito municipal como autonómico, o acceso único ao expediente social.

Este sistema integra toda a documentación e información relevante relativa ao ámbito social xerada nos diferentes niveles de prestación e atención. HSU configura un modelo de historia social única electrónica que garante, de maneira segura, a accesibilidade de toda a información social aos profesionais que desenvolven a súa actividade para o sistema de servizos sociais de Galicia, promovendo que se comparta a información, así como a transferencia do coñecemento, tanto dentro do ámbito do sistema galego de servizos sociais como con outros relacionados como o Sistema público de saúde, o Sistema público de educación ou o Sistema público de emprego, buscando como obxectivo último optimizar os recursos públicos prestados ás persoas usuarias que son comúns aos diferentes sistemas, e que definen os ámbitos sociosanitario, socioeducativo e sociolaboral. Para isto, a HSU integra todos os datos relativos á historia social do individuo, incluíndo a situación persoal, social e familiar, as súas demandas, prestacións, servizos e recursos, así como as valoracións, intervencións e información referente a profesionais e a institucións e organizacións que interveñen nelas.

Esta innovación permitirá reducir os tempos de tramitación de axudas e ofrecer aos galegos e galegas unha atención máis personalizada, xa que o profesional terá acceso de xeito inmediato á información máis relevante do seu historial, tanto de servizos como de prestacións ou recursos asignados. Así mesmo, facilitará unha atención máis proactiva grazas a un sistema de alertas e subscricións que avisa o profesional de calquera cambio no historial da persoa.

Ademais, a posta en marcha desta ferramenta, facilitará a coordinación entre os distintos profesionais dos servizos sociais, reducindo duplicidades e erros na xestión das actuacións a través da mellora da calidade da información coa que traballan os

profesionais, reducindo o número de posibles fraudes; e facilitará a dispoñibilidade de información para unha mellor planificación da prestación dos servizos facilitando así o desenvolvemento de políticas de prevención e de medición de resultados.

A entrada en funcionamento do HSUE supón un avance cara á futura historia sociosanitaria, que permitirá a completa rastrexabilidade da información do cidadán en ambos os sistemas. O novo sistema comezará a implantarse de xeito progresivo despois do verán e arrincará con máis de 365.000 historias sociais dixitais.

A Xunta de Galicia iniciará previamente a pilotaxe da historia social única electrónica (HSUE) nos concellos de Boqueixón, Brión, Tordoia e Viveiro. A partir do mes de xullo os traballadores sociais destes concellos terán acceso ao expediente social dos usuarios en formato electrónico. Este período de probas nestas entidades locais permitirá abordar posibles axustes de cara ao despregamento progresivo nos concellos galegos, que se prevé a partir de setembro.

### **Plan Trabe**

O Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais, dotado cun orzamento de 19,7 millóns de euros en cinco anos, é un instrumento de apoio á planificación estratéxica desta área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións dun terzo da poboación.

Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento. Ademais, a modernización da xestión permitirá reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación.

## **O CONSELLO DA XUNTA RATIFICA A DISOLUCIÓN DOS CONSORCIOS CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA LIMIA, O CARBALLIÑO/O RIBEIRO, VALDEORRAS E VERÍN, E A SÚA INTEGRACIÓN NO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE**

- *Con esta integración mellóranse a eficacia, a eficiencia e a xestión deste servizo a prol dos cidadáns, co obxectivo de homoxeneizar o servizo e cubrir a totalidade da provincia de Ourense*

O Consello da Xunta ratificou hoxe os acordos adoptados polos plenos dos consorcios contra incendios e salvamento das Comarcas da Limia, do Carballiño e do Ribeiro, de Valdeorras e de Verín, nos cales se aprobaba a súa disolución, para a posterior integración no Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, con efectos desde o 1 de xullo de 2016, co obxectivo de homoxeneizar o servizo e cubrir a totalidade da provincia de Ourense.

Xunta e Deputación de Ourense consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio, e consideran esta fórmula como a organización idónea, ao integrar os consorcios comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño- O Ribeiro e aqueloutros que se poidan integrar, constituír ou equipar. Desta maneira, os catro consorcios comarcais con que conta a provincia de Ourense serán disoltos para a súa integración e intégranse no consorcio provincial, coa achega por cada un deles dos medios técnicos e dos recursos con que conta.

O Consorcio Provincial de Ourense ten como obxectivo desenvolver competencias do Servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, ao executar labores de prevención, extinción de incendios e salvamento que se lles atribúen na lexislación aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación dos parques, para garantir a prestación homoxénea do servizo.

Entre os fins do Consorcio están a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens; a prevención e extinción de incendios; a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco; e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten persoas, edificacións e instalacións, así como o fomento da autoprotección.

### **Antecedentes**

Na provincia de Ourense, para a atención ás emerxencias, establecéronse desde o ano 2001 diversos consorcios comarcais de bombeiros para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, participados todos eles pola Xunta, concellos e a Deputación de Ourense. Deste xeito foron entrando en servizo os parques de bombeiros comarcais



de Valdeorras (2001), Verín (2004) e Xinzo de Limia (2007), e quedou unicamente sen actividade o parque do Carballiño, cuxa posta en marcha se prevé para o mes de outubro deste ano 2016, xa integrado no Consorcio Provincial de Ourense, unha vez completado o proceso de dotación de vehículos e medios técnicos, así como de selección e formación do seu persoal.

## **A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2,32 MILLÓNS DE EUROS POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE**

- *A asignación mantense estable respecto ao ano anterior*
- *A Administración galega cumpre co compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.325.000 euros, o mesmo importe que en 2015.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, de 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago de Compostela, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que, ademais, será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do concello motivados por este estatuto de capitalidade.

## MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ CASE 600.000 EUROS Á MELLORA DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE CABANAS E BEGONTE

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dos convenios de colaboración en materia de augas que permitirán a licitación das obras este mesmo ano*

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración en materia de augas por un importe de case de 600.000 euros (559.724, 50 €), para o saneamento e o abastecemento nos concello de Cabanas (A Coruña) e Begonte (Lugo). Ambas as actuacións contan con apoio económico do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

No Concello de Cabanas, Augas de Galicia levará a cabo unha actuación de saneamento e depuración das augas residuais na parroquia de Lavandeira por un importe de máis de 235.000 euros (236.388,61 €). O obxecto desta actuación é dotar de servizo as vivendas en Lavandeira que non dispoñen de saneamento, así como as situadas na marxe da estrada CP-1503, posibilitando así a futura conexión das vivendas dos núcleos de Porcar, Os Piñeiros, Ameneiros, Horta e Someiro. O concello de Cabanas dispón de rede de saneamento para a totalidade do solo urbano de cada unha das parroquias do municipio. No entanto, dado o carácter diseminado da poboación, carecen deste servizo un grupo de casas situadas no entorno da travesía de Lavandeira.

Na provincia de Lugo, a Consellería de Medio Ambiente tamén executará unha actuación no Concello de Begonte, xa que este dispón dunha rede principal de distribución en ambas as marxes da estrada N-VI, con conexións secundarias nas vías públicas da entidade local e no núcleo urbano de Baamonde, dando servizo á poboación. A estrutura é bastante antiga e atópase moi deteriorada polo paso dos anos.

Así, executarase a renovación da rede de abastecemento en Baamonde, cun orzamento de máis de 320.000 euros (323.335,89 €), que consistirá na renovación das infraestruturas de abastecemento de auga potable nas parroquias de Baamonde e San Martiño de Pacios.

Este tipo de colaboracións garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e dan cumprimento á Directiva marco da auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria e garántense o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa

realización das obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

Estes investimentos engádense aos 1,3 millóns de euros autorizados polo Consello da Xunta na súa reunión da semana pasada para a sinatura dos convenios de colaboración en materia de saneamento e abastecemento nos concellos de Ortigueira, Dodro, Ribeira, Lousame, Mondoñedo e A Arnoia.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE OURENSE, CUN FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DE CASE 1 MILLÓN DE EUROS

- *O Goberno galego asinará en vindeiras datas este acordo cos municipios de Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, O Pereiro de Aguiar, Punxín, San Cibrao das Viñas e Toén*
- *O convenio ten por obxecto a mellora da mobilidade dos cidadáns e o fomento do transporte público con descontos que permitirán aforros medios de 600 euros ao ano nos desprazamentos cotiáns*
- *A Administración autonómica financia descontos adicionais para os usuarios recorrentes e para os membros das familias numerosas, mentres que algúns dos concellos establecen bonificacións sociais para colectivos específicos*
- *A Xunta financia nun 80% o desconto no prezo do billete metropolitano e o 100% dos transbordos co autobús urbano*
- *Trátase da sexta Área de Transporte Metropolitano que se pon en marcha en Galicia desde o ano 2011*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración que permitirá a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano da Área de Ourense, que estará integrada por oito concellos. Con este novo paso, o Goberno galego e os concellos de Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Pereiro de Aguiar, Punxín, San Cibrao das Viñas e Toén, poderán asinar en vindeiras datas este documento no cal se recollen as obrigas de cada administración.

Este acordo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e contará cun financiamento autonómico de preto de 1 millón de euros que, sumado á achega dos concellos, suporá un investimento público de 1,44 millóns de euros.

O convenio ten por obxecto a mellora da mobilidade dos cidadáns e o fomento do transporte público. Así, grazas a esta iniciativa todos os veciños da área metropolitana, incluídos os da cidade de Ourense, verán mellorada a súa mobilidade, ao ter subvencionadas as tarifas de transporte metropolitano, con importantes descontos nos seus desprazamentos cotiáns.

Ademais, o Plan de transporte metropolitano contribúe a mellorar a fluidez do tráfico e a desconxestionar o acceso ás cidades, con importantes beneficios ambientais que comportan a redución do uso do vehículo particular.

A posta en marcha desta modalidade de transporte público supón aforros económicos medios de 600 euros ao ano. A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante.

A Administración autonómica financiará descontos adicionais para os usuarios recorrentes (un 15% máis para os que realicen polo menos 40 viaxes ao mes) e para os membros das familias numerosas (de entre o 20 e o 50% en función da categoría). Paralelamente, algúns dos concellos aplicarán bonificacións sociais adicionais a determinados colectivos.

Ademais, a Administración galega contribúe ao financiamento do plan coa bonificación do 100% dos transbordos urbanos.

### **Adaptación tecnolóxica**

Desde a sinatura do acordo, os pasos que se deberán dar para a implantación do plan son as probas piloto para garantir o correcto funcionamento da tarxeta TMG, das máquinas canceladoras e do sistema de facturación.

Técnicos da Xunta de Galicia levan meses traballando xa coas empresas operadoras de transporte co obxectivo de que as tarxetas TMG poidan operar nos autobuses urbanos e interurbanos desta área, coa previsión de que o Plan de transporte metropolitano de Ourense poida estar en funcionamento este verán.

Será a sexta Área de Transporte Metropolitano que se pon en marcha en Galicia desde o ano 2011, logo da súa activación na Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo e, máis recentemente, en Vigo.

## **A XUNTA REFORZA O SEU DISPOSITIVO DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS CON 500 EFECTIVOS DA EMPRESA PÚBLICA SEAGA**

- *En total serán 124 as brigadas contratadas a esta empresa, que colaborarán nas tarefas de defensa e extinción de incendios durante a campaña de alto risco que comeza mañá*
- *Así mesmo, deberán realizar traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia e defender a sustentabilidade e a biodiversidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a encomenda de xestión da Consellería do Medio Rural á Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) para a execución de traballos preventivos e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña de alto risco 2016.

Este servizo inclúe, ademais dos reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais, medios para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística.

En total son 500 persoas as que se contratan, as cales se agrupan en 125 brigadas de 4 membros cada unha. Estas brigadas deberán realizar traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia, que se cofinanciarán co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, ademais de colaborar nas tarefas de defensa e extinción de incendios forestais.

Todas estas brigadas se integrarán no dispositivo de loita contra incendios forestais baixo o mando único da Xunta, o que garante o seu correcto funcionamento. Deste xeito, serán máis de 7.000 persoas -entre efectivos da Xunta, persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de Seguridade do Estado- as que conformen o operativo humano de prevención e extinción, sendo este un dos máis potentes de toda España.

Ademais, contarase con 24 medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que achega o Estado– e 360 motobombas da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

## **UN TOTAL DE 260 AXENTES DA POLICIA AUTONÓMICA ESTARÁN DESPREGADOS POLOS MONTES GALEGOS PARA LOITAR CONTRA OS LUMES NA TEMPADA DE VERÁN**

- *Os axentes estarán permanentemente despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter os autores dos lumes*
- *Para unha resposta máis efectiva, os axentes contarán con corenta vehículos todoterreo, cinco turismos camuflados e oito motos de montaña*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe da Policía Autonómica sobre a previsión de recursos no Pladiga 2016, polo cal a a Policía Autonómica desprega 260 efectivos polos montes galegos para previr e investigar os lumes no territorio da Comunidade Autónoma galega.

Un ano máis, os axentes da UPA teñen entre as súas funcións manter unha constante alerta operativa no que afecta a prevención dos incendios forestais e a investigación destes, en calquera época do ano, e que se amplía moi especialmente na tempada de verán. Ademais, para dar unha resposta policial efectiva estes axentes contarán con corenta vehículos todoterreo, cinco turismos camuflados e oito motos de montaña.

Ademais dos 260 axentes, tamén está prevista a actuación dun equipo multidisciplinar de investigación de lumes (EMIL), integrado por tres especialistas, un deles en investigación de incendios, outro en materia ambiental e un terceiro en pericias informáticas, que se desprazarán desde Santiago a calquera parte de Galicia, cando sexa preciso un reforzo técnico na investigación.

O persoal da UPA, tal e como vén facendo nos últimos anos, centrará os seus esforzos e a súa actividade en que se poida reducir o número de lumes, pero tamén para que se produza a detención ou imputación dos seus autores, sexan de carácter intencionado ou negligente, mantendo sempre as dúas premisas que cómpre seguir desde a perspectiva policial, que son controlar a posible actividade incendiaria e deter as persoas que resulten autoras dos lumes, de acordo coas pautas recollidas no Pladiga 2016.

Ademais, o aproveitamento da súa experiencia, así como a súa formación específica nesta materia, fai que o traballo dos axentes autonómicos resulte fundamental para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras de lumes nos montes. En concreto, e actualmente, xa son 30 as persoas detidas ou imputadas por delitos relacionados cos incendios forestais en Galicia.

No pasado ano 2015, nun marco de colaboración e coordinación co resto dos corpos e forzas de seguridade participantes, e tamén cos equipos contra incendios da propia

Consellería do Medio Rural, a UPA desenvolveu unha importante actividade na prevención e investigación de incendios, que tivo como resultado un total de 71 persoas detidas ou investigadas. Hai que sinalar que con moitos menos efectivos que o conxunto dos outros corpos tivo practicamente o mesmo número de persoas identificadas ou detidas, o que significa o alto nivel de competencia e eficacia que acada neste ámbito a Policía Autonómica.



## A XUNTA MULTIPLICA POR CATRO AS AXUDAS Á INTERNACIONALIZACIÓN PARA CHEGAR A 400 PEMES GALEGAS E A MÁIS DUN CENTO DE MERCADOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria concede apoios a través do Galicia Exporta por preto de 6 millóns de euros para desenvolver iniciativas de promoción exterior*
- *Máis de 230 empresas realizarán accións de xeito individualizado, mentres que outras preto de 150 se benefician de forma directa de proxectos agrupados promovidos por clústers e asociacións*
- *O naval, a metalurxia, a alimentación, a pedra natural, o téxtil ou o TIC son algúns dos sectores beneficiados por estas actuacións, que inclúen misións empresariais, a participación en feiras ou proxectos de implantación promocional e prospección*
- *O Galicia Exporta enmárcase na Estratexia de Especialización da Empresa Galega 2020, que busca facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica*
- *Nos catro primeiros meses do ano as vendas galegas ao exterior incrementáronse nun 7,5% con respecto ao mesmo período de 2015, case 6 puntos por riba da media estatal*
- *Galicia atópase no seu mellor ciclo exportador, cun crecemento do 30,5% no número de empresas exportadoras desde o ano 2009*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza o seu programa de impulso á internacionalización das pemes galegas multiplicando por catro os apoios con respecto ao pasado exercicio. Así, concedeu, a través do programa Galicia Exporta, axudas por preto de 6 millóns de euros para apoiar a internacionalización de preto de 400 pemes, tanto mediante iniciativas individuais como mediante accións agrupadas baixo a coordinación de 26 clústers e asociacións empresariais dos principais sectores estratéxicos. Os proxectos de promoción exterior apoiados prevén accións orientadas a máis dun cento de mercados de todo o mundo.

Nestas accións participan compañías de eidos como o téxtil, o naval, a metalurxia, a alimentación, TIC, construción e maquinaria, o sector conserveiro e o do viño, a lousa, o granito ou o turismo. As empresas beneficiaríanse de diferentes accións como misións empresariais directas e inversas, a participación en feiras e outros eventos expositivos ou a posta en marcha de plataformas sectoriais de internacionalización. Tamén se apoian mediante estas axudas campañas publicitarias, elaboración de material promocional ou accións de prospección de novos mercados internacionais, entre outros aspectos.

No caso dos proxectos agrupados coordinados a través da liña de axudas Galicia exporta organismos intermedios, da cal se benefician de xeito directo preto de 150 empresas, os apoios abranguen o 90% do custo e chegan ata os 150.000 euros. Para as accións individualizadas a través da liña Galicia exporta empresas, mediante a cal obtiveron apoios

máis de 230 compañías, cóbrese o 75% dos custos, cun máximo de 96.000 euros. As empresas beneficiarias poderán avanzar na súa internacionalización cara a mercados como China, Estados Unidos, Cuba, Arabia Saudita, Australia, Brasil, Arxentina, México, Emiratos Árabes Unidos, Rusia, Marrocos, Xapón ou Colombia, así como distintos países europeos.

Os clústers e asociacións beneficiarios das accións agrupadas no marco do Galicia exporta organismos intermedios, que representan a 6.500 empresas, poderán contar ademais co reforzo de bolseiros de internacionalización do programa de capacitación posto en marcha polo Igape para colaborar no desenvolvemento dos proxectos, que se desenvolverán ao longo deste ano e do que vén.

A través do Galicia Exporta, o Igape busca tanto facilitar a internacionalización individual das pemes como favorecer a cooperación e o aproveitamento de sinerxías entre varias compañías. O programa enmárcase na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, que ten por obxectivo facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial consolidando a recuperación económica.

Froito do esforzo do tecido empresarial galego neste eido, co apoio da Xunta, nos primeiros catro meses deste ano as vendas ao exterior de Galicia incrementáronse nun 7,5% con respecto ao mesmo período do ano anterior, case 6 puntos por riba da media estatal. Así, Galicia se atopa no seu mellor ciclo exportador, cun crecemento do 30,5% no número de empresas exportadoras desde o ano 2009 ao tempo que tamén medrou o número de empresas que exportaron con continuidade durante os últimos catro anos, acadando as 2.200 empresas exportadoras regulares.

## **A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA COLABORARÁN NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL MONTECELO**

- ***Tramitarase un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal con este obxectivo e a dotación das correspondentes infraestruturas e servizos***

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe ao Consello da Xunta do acordo acadado co obxectivo de establecer as bases de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Pontevedra para unir os seus esforzos e proceder á redacción e execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que fixe as determinacións e posibilite a ampliación do Hospital de Montecelo -que pasará a denominarse Gran Montecelo- e para a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convenientes para o seu óptimo funcionamento.

O Sergas está a traballar actualmente na avaliación das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura á poboación da área sanitaria de Pontevedra para dar mellor resposta aos problemas de saúde mediante unha máis rápida atención asistencial.

Aínda que tanto o equipamento sanitario como os rúas, terreos e servizos serán recollidos no planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra, estas actuacións necesitan ser acometidas o antes posible. Neste sentido, cómpre acudir a figuras previstas na normativa en materia de ordenación do territorio que exceden o eido puramente urbanístico, debido á importancia e ás especiais características da prestación asistencial no ámbito da atención especializada. Por iso, considérase procedente tramitar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación do centro hospitalario e a dotación das correspondentes infraestruturas e servizos.

### **Compromisos do Servizo Galego de Saúde**

O Sergas realizará os trámites precisos para a aprobación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e executar as obras de ampliación do Hospital de Montecelo.

Tamén asumirá a execución das infraestruturas interiores, así como o seu mantemento e o das zonas verdes e espazos libres do recinto hospitalario. Con esta finalidade, comprométese á elaboración, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación do hospital, con cargo aos seus orzamentos.

Unha vez que se aprobe o proxecto sectorial, o Sergas tamén obterá os terreos precisos para proceder á súa execución, que se sitúan na zona sur-leste da parcela que ocupa o Hospital de Montecelo.

Neste ámbito, ademais do espazo necesario para a implantación do hospital propiamente dito, inclúiranse as reservas de espazo dotacional en previsión de posibles futuras ampliacións de equipamentos para destinar a usos sanitarios e a outros servizos complementarios, como laboratorios de investigación e docencia, hotéis de pacientes ou familiares, aparcadoiro, gardaría infantil e calquera outro que sexa considerado conveniente para o óptimo funcionamento do centro hospitalario. Tamén se incluírán no ámbito do proxecto sectorial o equipamento actual que cómpre ampliar e as dotacións complementarias existentes.

### **Compromisos do Concello de Pontevedra**

Pola súa banda, o Concello de Pontevedra asumirá todos os gastos para dotar a parcela das infraestruturas necesarias, como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, iluminación, telefonía, etc. A execución destas infraestruturas deberá concluír con anterioridade á finalización da ampliación do hospital co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.

Ademais, levará a cabo as actuacións para dotar o hospital de todos os servizos públicos relacionados con el e porá a disposición do Sergas a posibilidade de utilizar o circuíto de recollida de lixo municipal co custo establecido para o propio Concello, sen prexuízo das obrigas propias do Servizo Galego de Saúde na recollida específica dos residuos hospitalarios.

A Administración local tamén executará directamente a solución da circulación viaria prevista no proxecto sectorial que facilite a circulación e accesos á infraestrutura; e corresponderalle a dotación dos espazos de aparcadoiro precisos para atender adecuadamente a demanda que se poida xerar.

Así mesmo, o Concello de Pontevedra regulará nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Sergas, do pagamento do imposto sobre bens inmoables, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

Por último, achegará ao Sergas, logo da aprobación definitiva do proxecto sectorial e do decreto que declare a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial, a cantidade total de 4 millóns de euros en concepto de achega á adquisición e á urbanización dos terreos indicados, cuxo pagamento se efectuará en tres fases, a partir do exercicio de 2017. A primeira, por importe dun millón de euros,

farase unha vez aprobado definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal; a segunda, mediante o pagamento de 1,5 millóns de euros, unha vez obtidos a totalidade dos terreos; e a terceira, tamén por importe de 1,5 millóns de euros, unha vez licitadas as obras para a urbanización interior e construción da ampliación.



## **A CAMPAÑA DE VERÁN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE COMEZA MAÑÁ CON MÁIS DE 9.000 PRAZAS EN CAMPAMENTOS, CAMPOS DE TRABALLO E ACTIVIDADES PARA MAIORES DE 18 ANOS**

- ***A Consellería de Política Social incrementa por quinto ano consecutivo as prazas para este fin e inviste un total de 2,6 millóns de euros***
- ***A programación permitirá a contratación de 900 monitores e directores de campamentos***

A Consellería de Política Social ofrecerá un total de 9.046 prazas en campamentos, campos de traballo e actividades para maiores de 18 anos a través da Campaña de verán, tal e como recolle o informe presentado hoxe polo departamento autonómico no Consello da Xunta de Galicia. Esta cifra supón un incremento do 6% con respecto ás prazas ofertadas o ano pasado. Ademais, é o quinto ano consecutivo no que a Administración autonómica aumenta ditas prazas.

Os campamentos para nenos/as e mozos/as de entre 9 e 17 anos ofertan 6.205 prazas. Estes celebraranse nos meses de xullo e agosto, nun total de 20 albergues e campamentos de toda a xeografía galega: Albergue Xuvenil Marina Española (Sada), Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo), Campamento Xuvenil Furelos (Melide), Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son), Campamento Xuvenil A Espiñeira (Boiro), Albergue Xuvenil Area (Viveiro), Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín), Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo), Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei), Poboado Os Peares (Carballedo), Albergue de Quiroga, Residencia Xuvenil Lug II (Lugo), Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo), Centro de educación ambiental Equal (Coles), Albergue do Corgo (Muíños), Estación de Montaña de Manzaneda, Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense), Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa), Campamento Xuvenil Pontemariil (Forcarei) e Campamento Xuvenil Illa de Ons (Bueu).

Tamén se ofertan outras 208 prazas para que os mozos e mozas galegos poidan participar en campamentos de intercambio con outras comunidades autónomas, concretamente no País Vasco, Castilla y León, Extremadura, Madrid e La Rioja. Mozos e mozas desas comunidades tamén poderán vir a Galicia para participar nos nosos campamentos

A duración de cada unha das actividades virá marcada pola idade dos participantes e polas características dos propios campamentos, que oscilan entre os oito e os doce días. Dentro destes campamentos organízanse actividades de ocio educativo de diferentes temáticas (actividades náuticas; coñecemento do medio natural; dramatización e expresión cultural; xogos tradicionais ou deportes de multiaventura).

Todos os mozos e mozas estarán en réxime de manutención en pensión completa. Tamén se prevé o material necesario para o desenvolvemento das actividades, que estarán dinamizadas por un equipo técnico de monitores especialistas na xestión do ocio educativo. Os participantes disporán de atención sanitaria de primeiros auxilios e gozarán dun seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Os campamentos en Galicia teñen uns prezos públicos que oscilan entre os 50 e os 232 euros, tendo en conta o tipo de actividades e tamén que as familias numerosas teñen un desconto do 50% e os usuarios do carné xove dun 25%.

Como xa vén sendo habitual nas últimas convocatorias, tamén se colabora coa Secretaría Xeral de Emigración para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos. Así mesmo, reservaranse tamén unha serie de prazas para colectivos específicos, que serán xestionadas pola Secretaría Xeral de Igualdade e polas direccións xerais de Maiores e Persoas con Discapacidade e de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Con este modelo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pon os seus albergues e campamentos á disposición de concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos, para que estas entidades poidan organizar as súas propias actividades de verán. Como novidade este ano, as asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude contan cun desconto do 50%. A oferta concertada comeza o 21 de xuño e prolongarase ata o 10 de setembro e conta con 900 prazas.

En canto aos mozos e mozas galegos maiores de 18 anos, a Consellería pon á súa disposición 240 prazas para que participen con outros rapaces e rapazas procedentes da emigración no programa Conecta con Galicia, que inclúe actividades relacionadas co Camiño de Santiago e de coñecemento do medio mariño.

## **Campos de traballo**

Este ano os mozos e mozas galegos dispoñen de 575 prazas para participar nos campos de traballo. Destas prazas, 120 son para campos noutras comunidades autónomas, 250 para campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 205 para campos en Galicia.

A Consellería de Política Social organiza un total de 24 campos de traballo na nosa Comunidade nos meses de verán (19 en 2015), que terán lugar en Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois, Betanzos, Curtis, Vedra, Ribeira, Coirós, Folgoso do Courel, Portomarín, Becerreá, Pantón, Quiroga, Xermade, Muíños, Celanova, Vilamarín, Ourense, A Peroxa, Illas Cíes (4 quendas), Cotobade e Vilanova de Arousa. Nestes

campos poden participar mozos e moza galegos, descendentes da emigración, doutras comunidades autónomas e de países de todo o mundo.

Con estes datos, Galicia é a comunidade española con máis prazas en campos de traballo. O pasado ano, Galicia organizou o 34% dos campos de traballo internacionais que se celebraron en toda España, segundo o balance remitido polo Injuve ás comunidades autónomas.

Os campos de traballo constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, que axuda ao desenvolvemento de valores de convivencia, tolerancia ou traballo en equipo, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade.

Son accións voluntarias que os mozos e mozas realizan de xeito altruísta e solidario, poñendo o seu gran de area para mellorar a nosa sociedade. Tamén promoven a participación e implicación da xuventude na sociedade, afondando en materias do seu interese e abríndolles novos camiños para a súa realización persoal. Así mesmo, fomentan a mobilidade, pois ofrecen aos rapaces e rapazas a oportunidade de tomar parte en campos doutras comunidades e países.

Cómpre destacar que a Consellería de Política Social investirá un total de 2.645.420 euros na Campaña de verán 2016. Grazas a este orzamento, a programación tamén permitirá que as empresas de ocio e tempo libre poidan contratar este verán máis de 900 monitores e directores de campamentos.